# GUÍA RÁPIDA DE USO DE TURESPAZO

## DECLARACIÓN DE CAPACIDADE MÁXIMA

## 01 / Rexistro de novo usuario

Os usuarios que non estean rexistrados deben cubrir o seguinte formulario para poder acceder aos datos dos seus establecementos en TURESPAZO




Unha vez cuberto o formulario recibirá a **contrasinal de acceso** na caixa de correo electrónico que indicou no formulario

**NOME E APELIDOS**
Deben corresponder á persoa titular dun establecemento

**CORREO ELECTRÓNICO**
Caixa de correo ao que se enviará a contrasinal de acceso e que se empregará para identificarse
**Confirmación**. Debe repetir a caixa de correo inserida anteriormente

**NIF**
Debe corresponder ao titular do establecemento

**TELÉFONO**
Teléfono de contacto da persoa titular

**SINATURA**
Código identificativo do establecemento no REAT




## 02 / Identificación e autenticación

Unha vez que recibiu a contrasinal xa pode entrar no espazo privado de TURESPAZO




**CORREO ELECTRÓNICO**
Caixa de correo electrónico que inseriu cando se rexistrou en TURESPAZO

**CONTRASINAL**
Que debeu recibir na caixa de correo electrónica indicada no formulario. Se non a recorda pode empregar o servizo de "***Esquecín o meu contrasinal***"

# 03 / Acceso aos establecementos

Unha vez identificado aparecerá unha pantalla con todos os **establecementos do que é titular**.

Facendo clic en no seu nome accederá á **información invidualizada** de cada un deles




Ir á DEMO BAR

Ir á DEMO CAFETERÍA

Ir á DEMO RESTAURANTE

# 04 / Acceso á declaración de capacidade máxima

Ao facer clic nun dos establecementos do que é titular a persoa usuaria identificada en TURESPAZO, entraría no **detalle dese establecemento**

Sempre accederá, en primeiro lugar, á sección ***Datos do establecemento.*** En función do seu tipo terá outras opcións, unha das cales será a de ***Declaración de capacidade máxima***




Acceso ao servizo de ***Declaración da capacidade máxima***

# 05 / Declaración de capacidade máxima

A persoa propietaria dun **restaurante, cafetaría e/ou café-bar** terá acceso a este servizo.

Nel poderá **consultar información**, inserir os **datos de capacidade** do seu establecemento e a **descarga dos carteis personalizados**.




CONSULTA DE INFORMACIÓN DE INTERESE

XESTIÓN DOS DATOS DE CAPACIDADE DO ESTABLECEMENTO

DESCARGA DOS CARTEIS PERSONALIZADOS

# 06 / Formulario de capacidade máxima

A través deste formulario a persoa usuaria poderá **xerar os datos que fornecerán os carteis a descargar.**

Deberase cubrir, canto menos, a **capacidade interior ou a capacidade exterior**, ou ambos, para poder xerar e, posteriormente, descargar os carteis.

**NOME DO ESTABLECEMENTO**

Por defecto será o nome que figura no REAT. O usuario poderá modificalo por aqueloutro que desexa que apareza nos carteis




**CAPACIDADE MÁXIMA INTERIOR**

Que inclúe os seguintes campos:

- **Capacidade máxima interior** en condicións normais e en número de persoas
- **Porcentaxe de uso máximo no interior**, segundo as restricións do concello onde se localiza o establecemento
- **Capacidade máxima interior nas condicións actuais**, campo calculado en función dos valores inseridos anteriormente

**GARDAR E XERAR CARTEIS**

Botón que, inicialmente, aparece desactivado, pero que se activa cando ten os datos minimos necesarios para xerar os carteis

**CAPACIDADE MÁXIMA EXTERIOR**

Que inclúe os seguintes campos:

- **Capacidade máxima exterior** en condicións normais e en número de persoas
- **Porcentaxe de uso máximo no exterior**, segundo as restricións do concello onde se localiza o establecemento
- **Capacidade máxima exterior nas condicións actuais**, campo calculado en función dos valores inseridos anteriormente




O **sistema axúdalle a calcular a capacidade máxima interior** se insire os datos de superficie total útil, da superfice dos aseos e da superficie da barra e do seu interior. Con estes datos calcúlase o valor da capacidade máxima en condicións normais que, ao premer o botón ***Aplicar*** trasládase ao campo de *Capacidade máxima interior en condicións normais*

# 07 / Xerar e descargar carteis

Os datos inseridos e os calculados son volcados aos distintos modelos de carteis despois de facer clic no botón **GARDAR E XERAR CARTEIS**. En función de cantos datos introduciu xeraránse carteis de **capacidade interior, capacidade exterior ou de ambos**.

- **3 tipoloxías**, *"Interior e exterior"*, *"Só interior"* e *"Só exterior"* en función dos datos cubertos no formulario superior
- **3 idiomas**, para que a persoa usuaria poida descargalos no idioma ou idiomas que lle sexan de interese
- **2 tamaños**, ben sexa en **A4** (210mm x 297mm) e/ou en **A3** (297mm x 420 mm)

## PREVISUALIZACIÓN DOS CARTEIS E OPCIÓNS DE DESCARGA

**ESCOLLA DOS IDIOMAS DE DESCARGA**




**ESCOLLA DO TIPO DE CARTEL E DO SEU TAMAÑO**